


INSTRUCCIÓN PARA VIDEOCONFERENCIA CON CISCO WEBEX

- **Móbil ou tablet**

En primeiro lugar hai que descargar no dispositivo a app Cisco Webex: non fai falta entrar nin darse de alta. Simplemente tela descargada.

➤ O DÍA QUE TEÑAMOS A PRIMEIRA REUNIÓN:

Cinco ou dez minutos antes da hora da convocatoria, recibiredes un email do titor. Será desde o correo corporativo da xunta:@edu.xunta.es. Ao abrillo, aparecerá isto:




Así vos levará á app que tedes descargada. O primeiro que vos pedirá será “aceptar as condicións de uso”:




A continuación vaivos a pedir unha serie de permisos:


Permitimos audio e vídeo (se non non se nos verá nin oirá) e denegamos chamadas. A app non vos vai a gravar nin nada.



Agora imos ao que aparece debaixo:



Xa nos aparece a pantalla para unirmos á reunión:




O primeiro que temos que facer é habilitar imaxe e micro. Debaixo aparecen os símbolos en vermello.

Temos que picar encima de cada un para que aparezan en negro. Así que lle damos a unirse: A última pregunta que nos fai é esta:



Denegamos.

E o paso final é pór o noso nome:




E xa estamos conectados.

Isto todo só hai que facelo a primeira vez que entramos. As veces seguintes, só con picar no email que vos manda o titor, xa entra directo (a menos que se desinstalase a app)

- **Ordenador**


Descargamos a aplicación <https://www.webex.com/es/downloads.html>





Imos aceptando segundo saian cousas.


Vanvos pedir un enderezo de correo. Pondes o mesmo ao que vos envía a invitación.



Agora comprobamos que temos a aplicación instalada no noso escritorio.

- O DÍA QUE TEÑAMOS A PRIMEIRA REUNIÓN:

Cinco ou dez minutos antes da hora da convocatoria, recibiredes un email do titor. Será desde o correo corporativo da xunta:@edu.xunta.es. Ao abrillo, aparecerá isto:



Pediravos abrir a aplicación webex que tendes no escritorio e xa de seguido, ábrese a sala e aparecerá o titor. O primeiro que temos que facer é habilitar imaxe e micro. Debaixo aparecen os símbolos en vermello.

Temos que picar encima de cada un para que aparezan en negro. Así que lle damos a unirse:

A primeira reunión pode funcionar todo ben ou non. Se algún non é capaz de acceder, non vos preocupedes, poñerémonos en contacto convosco unha vez acabe a conexión, e volveremos tentalo.